



Xosé Antón Ledo Pan, M^a Belen Rodriguez Camiñas e Jose Manuel Mariño Mourenza, coma concelleiros do BNG na Corporación Municipal de Taboada, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte

**MOCIÓN REFERENTE Ó ESTADO DE ABANDONO E FALTA DE
URBANIZACIÓN DO LATERAL DA RESIDENCIA DE MAIORES QUE
LINDA COA ESTRADA LU-611 de Taboada a Rubián**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Como se pode comprobar, o lateral da residencia de maiores que linda coa estrada LU-611 de Taboada a Rubián leva moitos meses en estado de abandono. No seu día urbanizaronse os dous laterais que dan a rúas transitadas e deixáronse este e o que linda cun camiño.

No que nos ocupa existe aberto un furado de aproximadamente un metro de profundidade a beira da estrada. A súa sinalización é deficiente e cada pouco hai que estar recolocandoa, co risco que isto supón para peóns e vehículos.

O BNG entende que as obras non se deben deixar a medias indefinidamente e que unha sinalización provisional non se pode deixar eternamente ata que ocorra un accidente e o Concello teña que enfrentarse a unha nova denuncia. Estamos diante unha vez máis dun novo exemplo do pouco que lle preocupa a equipa de goberno a seguridade do veciños e veciñas de Taboada, e neste caso a escasos metros do Consistorio.

Por todo o exposto, os concelleiros do grupo municipal do BNG que suscreben solicitan do Pleno da Corporación Municipal, coa finalidade de solucionar esta importante deficiencia da rede viaria do concello, a adopción do seguinte

ACORDO

1.- Que o Concello proceda a eliminar o socabón mencionado e de unha solución a falta de urbanización desta zona; facilitando o seu posible uso polos veciños e os usuarios da residencia e eliminando os perigos que na actualidade presenta.

Taboada, 4 de febreiro de 2011.

Asdo: Xosé Antón Ledo Pan
Portavoz do Grupo Municipal do BNG.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE TABOADA